# Á Ulla

Viva a Ulla qu' é pra min
D'amores, bendita terra:
Ninguen d'ela me desterra
Pois n'o seu seo nacin.

Aqui os meus ollos guindaron
As bagullas primeiriñas
Que caian n'as froliñas
Con qu' o berce m' adornaron.

Aqui a Virgen d'a Guia
Doume tres nais adoradas
Que, n'o corazon gardadas,
Conservarei, noite e dia.

Dous paiciños teño aqui:
Outro teño alá n'a gloria:
Inda d'el fago memoria,
Ben m'acordo ¡ay esa si!

¡Cantas veces me decia
¡"Ven acá meu capitan;"
E, con cariñoso afan,
O coliño me subia.....!

Dempois, dulciños me daba,
tostadas de chocolate,
Biquiños, é por remate,
A bendicion me botaba.

Un dia agarroume e dijo,
Vendome estirricadiño:

"Dioi forme a tua alma filliño
Cal formarche o corpo quizo."

Se non que perd' o sentido,
Antes que d'el m' esquecer,
Consinto en aborrecer
Iste recuncho querido.

L. V. D.  Mayo de 80.